



Prezadas familias

Neste ano Lermiño e o equipo de biblioteca queren facer unha actividade para celebrar o **Día do Libro (23 de abril)** de maneira especial. Para que sexa posible precisa da vosa axuda.

Cada neno/a deberá traer un libro de contos, curiosidades, aventuras...o que cada un lle gustaría compartir cos seus compañeiros/as. Dito libro debe vir dentro dunha caixa decorada, forrada, pintada, escrita con frases motivadoras...preparadiña da maneira que cada un considere mellor, que invite a ser escollida para ler o libro que ven dentro da mesma.

A caixa e o libro deben vir identificados co nome e o curso do alumno/a e traelos para o colexio o venres 19 de abril.

As caixas cos libros estarán no colexio durante unhas semanas para compartir lecturas, aventuras, curiosidades, novas experiencias...

Lermiño agradece o voso traballo e axuda para conseguir unha bonita celebración do Día do Libro desexa que disfrutedes moito preparando as caixas e escollendo o libriño para compartir cos vosos compañeiros/as.

Un saúdo de Lermiño e o equipo de biblioteca.